



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/2447/2011.- CARMEN REY REY.- Conceder licenza para repoñer a legalidade urbanística das obras realizadas na vivenda unifamiliar sitas na Rúa Vite de Abaixo, 23 A.

LIC/1414/2013.- INFERNIÑO, SL.- Conceder licenza de obra maior para reforma de local comercial en planta baixa na Avda. de Raxoi, 5.

CORRECIÓN ERROS

LIC/833/2012.- CARMEN FERNÁNDEZ GARABAL.- Corrección do acordo outorgado na Xunta de Goberno da cidade na sesión 24 de outubro de 2013, para devolución de fianza.

LIC/1186/2013.- ESTANISLAO GARCIA LADO.- Corrección do acordo outorgado na Xunta de Goberno da Cidade na sesión 03 de outubro de 2013, para prórroga da licenza de adecuación funcional no edificio de vivendas sito na Rúa Noia, 7.

APERTURAS

LAP/88/2012.- INMOBILIARIA COMPOSTELA, SA.- Conceder licenza de obras de reforma de edificación para o uso de apartamentos turísticos en Avda. Mestre Mateo, 1.

LAP/144/2013.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder autorización para ampliación do cemiterio de S. Vicente de Marantes, no lugar de Marantes.

LEGALIZACIÓNS

LAP/288/2013.- TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, SA.- Conceder licenza de obra de instalación e de actividade da estación base de telefonía móbil sita na Rúa Penedo, 11.

LAP/290/2013.- TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, SA.- Conceder autorización para legalización de instalación e actividade da estación base de telefonía móbil sita na Rúa Vedra, 21.

LAP/310/2013.- TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, SA.- Conceder autorización para legalización de instalación e reforma da estación base de telefonía móbil sita na Rúa Xoaquín Díaz de Rabago, 2-6.

PARCELACIÓNS

LIC/1523/2013.- JESÚS IGLESIAS REY.- Conceder licenza de parcelación en Rúa da Muíña, 80.

RECURSO DE REPOSICION

LIC/1970/2011.- JOSÉ LANDEIRA LANDEIRA.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2013, de licenza para construción dunha vivenda unifamiliar no Lg. A Peregrina s/n.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1554/2013.- OSCAR SEOANE GARCÍALIC/975/2007 1.500 €

LIC/1560/2013.- FRANCISCO RIOS FERROLLAP/145/2008 3.000 €

LIC/1572/2013.- ROSA MARÍA GARCÍA VILLARLIC/911/2008 3.000 €.

LIC/1573/2013.- HERMINIO RECAREY ESPASANDINLIC/300/2001 135.000 pesetas.

4.- Aprobación definitiva de axuda para unha vivenda da área de Rehabilitación integral do Casco Histórico incluída na 12ª fase do convenio entre o concello, o ministerio de Fomento e o IGVS, con cargo á anualidade 2013.

Apróbanse definitivamente axudas para 20 vivendas da área de rehabilitación integral de Casco Histórico. Esta proposta achega un total de 86.949,35 euros á aplicación orzamentaria de gasto 130.33601.78000, cuxa financiación se distribúe en dous: Ministerio de Fomento co importe de 49.474,17 euros e o IGVS con 37.475,18 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial de axudas para vivendas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre, incluídas na 6ª fase do convenio entre o concello, o Ministerio de Fomento e o IGVS, con cargo á anualidade de 2015.

Apróbanse inicialmente as axudas para 16 vivendas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre. Esta proposta achega un total de 154.752 euros á aplicación orzamentaria de gasto

2013-2-VISAL-6, cuxa financiación se distribúe en dous: Ministerio de Fomento co importe de 77.376 euros e o IGVS con 77.376 euros.

6.- Aprobación da solicitude do pagamento dunha axuda para elementos especiais de madeira da cidade histórica á comisión executiva do Consorcio da cidade de Santiago.

En virtude do convenio de colaboración entre o Consorcio de Santiago e o Concello en materia de recuperación urbana polo que se convocan axudas de rehabilitación, apróbase unha axuda para obra de recuperación de elementos especiais de Madeira por un importe de 5.280 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto básico e de execución para a modificación de viais e reforma de accesos ao aparcamento nas rúas Galeras e Domingo García-Sabell.

Este proxecto ten por obxecto por unha parte as obras de urbanización para a execución da rotonda na rúa Galeras e o vial de acceso ao aparcamento público situado na planta soto-1, que se encontra baixo os edificios residenciais, incluíndo a modificación do trazado da rúa Domingo García-Sabell na súa conexión coa rúa Carretas, e por outra parte, as obras de reforma dos accesos e núcleos de comunicación do aparcamento público existente na rúa Galeras co obxectivo de mellorar a súa accesibilidade. Apróbbase este proxecto básico e de execución cun presuposto total de 766.725,45 euros (IVE engadido).

8.- Proposta do director da Área de Urbanismo relativa á execución de sentenza no procedemento 575/2008.

O presente expediente trae causa dun Convenio urbanístico para a execución do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto fabril de Brandía, ratificado na XGL do 7 abril 2008, en virtude do cal o Concello e a entidade LORYGAR acordaron a permuta de dúas parcelas. O convenio urbanístico foi anulado por sentenza xudicial firme por dous vicios de tramitación:

- Erro no método de valoración das parcelas.
- Falta de informe do departamento de intervención no expediente.

A XGL do 4 xullo 2013, resolveu formular un incidente de execución de sentenza no que se pretenden subsanar os vicios postos de manifesto pola sentenza:

- efectuar unha nova valoración das parcelas por parte do Arquitecto Municipal, de acordo cos criterios manifestados na sentenza
- someter o expediente á fiscalización do Interventor Municipal e remitila ao Xulgado para acreditar o equilibrio económico .

Polo tanto, a XGL aproba tomar coñecemento dos informes de valoración e fiscalización emitidos pola arquitecta municipal e polo interventor e da traslado das actuacións realizadas á Asesoría Xurídica, para os efectos de que formulen perante o Xulgado do Contencioso Administrativo o correspondente incidente de execución.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do documento refundido e exposición pública do Plan parcial do SUD-17. Monte do Gozo - Aríns.

Apróbbase o documento refundido do Plan Parcial do SUD-17, presentado o 11 de novembro de 2013 pola Comisión Xestora de Propietarios (Fomento de Iniciativas Inmobiliarias S.L. e outros) no que se integran as modificacións requeridas no acordo de aprobación inicial do Plan, así como someter o expediente a información pública durante o prazo de dous meses.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do documento refundido e exposición pública do Plan parcial do SUD-16. Agra dos Campos - Aríns.

Apróbbase o documento refundido do Plan Parcial do SUD-16, presentado o 11 de novembro de 2013 pola Comisión Xestora de Propietarios (Fomento de Iniciativas Inmobiliarias S.L. e outros) no que se integran as modificacións requeridas no acordo de aprobación inicial do Plan, así como someter o expediente a información pública durante o prazo de dous meses.

11.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial do Plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R).

Acórdase aprobar inicialmente o Plan Especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha Forte (PE-7R), segundo o documento presentado polo Consorcio de Santiago, e someterase o expediente a información pública durante o prazo dun mes.

A aprobación deste Plan Especial permitirá ordear o ámbito do Castelo da Rocha en coherencia coa actuación realizada por parte do Concello, en relación coa recuperación das ruínas da antiga fortaleza medieval e o seu xacemento arqueolóxico.

12.- Revisión de prezos do contrato de Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de CONXO.

Vista a solicitude de revisión de prezos efectuada pola mercantil adxudicataria do contrato, Servicios y Materiales, S.A. e de acordo co informe emitido polo departamento de Contratación no que se fai constar que no contrato asinado se establece que transcurrido o primeiro ano o prezo revisarase de oficio anualmente, apróbase a revisión do prezo de adxudicación no 85% da variación experimentada polo IPC no período comprendido entre decembro 2011 e decembro 2012.

13.- Revisión de prezos do contrato de Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de FONTIÑAS.

Vista a solicitude de revisión de prezos efectuada pola mercantil adxudicataria do contrato, Servicios y Materiales, S.A. e de acordo co informe emitido polo departamento de Contratación no que se fai constar que no contrato asinado se establece que transcurrido o primeiro ano o prezo revisarase de oficio anualmente, apróbase a revisión do prezo de adxudicación no 85% da variación experimentada polo IPC no período comprendido entre decembro 2011 e decembro 2012.

14.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Subministro de vehículo furgón para atestados e vehículo todoterreo para Protección Civil así como o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago.

Apróbase o expediente, o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto.

Tipo de licitación: 96.717,12 euros + IVE (20.310,59 €).

Está desglosado en 2 lotes:

Lote I – Furgón de Atestados: 54.765,12 euros (sen IVE)

Lote II – Todoterreo Pick-up: 41.952 euros (sen IVE)

4 anualidades (anos 2014-2015-2016-2017): 30.036,77 euros cada ano.

15.- Prórroga do contrato de Servizo de radiocomunicacións trunking de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela.

Á vista da próxima finalización do contrato adxudicado en novembro de 2011 á empresa Talleres Electrónicos de Pontevedra, S.COOP. e no que se determina a vixencia de dous anos, que se poderá prorrogar por un ano máis, e de acordo co informe emitido polo departamento de Contratación, apróbase dita prórroga por un ano a contar desde o 30 de novembro de 2013 ata o 29 de novembro de 2014.

16 a 119.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

120.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de adecuación de zonas exteriores da ludoteca de Fontiñas e a súa adxudicación.

Ante a necesidade de acondicionar as zonas exteriores da Ludoteca das Fontiñas para a apertura do centro, para o cal é necesario o axardinamento de exteriores, a construción dun camiño de acceso e o peche da parcela cun valo que impide que os nenos saian da finca tal e como esixe a normativa, apróbase o proxecto de adecuación redactado polo servizo municipal de Parques e Xardíns. Adxudícase á empresa XARDINS SENRA, S.L. por importe de 19.103 euros + IVE (4.011,63 euros) TOTAL: 23.114,63 EUROS e o prazo de execución será de 3 semanas.

121.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación das obras de construción de beirarrúas e colocación de farolas na Costa de San Clemente e a súa adxudicación.

Apróbanse as obras e a súa adxudicación á empresa Construcciones La Rosaleda, S.L. por un importe de 28.650,99 euros (IVE incluído). Esta actuación é unha obra de construción de beirarrúas para separar o tráfico de persoas e o de vehículos, así como mellorar a iluminación da rúa Costa de San Clemente.

122.- Proposta da concelleira delegada de Administración Pública relativa á anulación dunha reserva de crédito e a liberación do saldo para a súa posta a disposición para outros gastos.

Con respecto ao estado de execución do Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Europea para a Sociedade da información e a Administración Electrónica para fomentar o coñecemento das novas vías de acceso á Administración e a extensión

do acceso á sociedade da información, infórmase polo departamento de Informática que ao non terse realizado a instalación dos puntos de información non entrou en vigor o mantemento previsto para o exercicio 2013, polo que non está prevista a tramitación de facturas ao respecto. Apróbase a anulación da reserva de crédito por importe de 25.920 euros e libérase para a súa posta a disposición para outros gastos.

123.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aceptación da subvención concedida por AGADER para o proxecto de "Mellora do vial de Forte a Frades (Enfesta)" no marco do programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2104, cofinanciado polo FEADER e adopción dos acordos que procedan.

Vista a notificación da concesión de subvención para o citado proxecto e visto o Informe da técnica de Xestión de Proxectos Europeos, apróbase a concesión da axuda para a súa execución. O investimento subvencionable ascende á cantidade de 80.116,52 euros, a porcentaxe de axuda é do 82,65%, o que supón un importe da axuda de 66.212 euros.

124.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á corrección dun erro aritmético no acordo número 5 da sesión de 28 de outubro de 2013 titulado "Aprobación do expediente de contratación das obras para a estabilización do noiro da traseira do edificio na rúa Betanzos, 37-39-41.

Apróbase rectificar o erro aritmético cometido na cuantificación do IVE. A cantidade aprobada ascendía a 7.641,05 euros de IVE, e debe constar a cantidade de 7.704,05 euros de IVE.

125.- Dar conta do informe do vicesecretario relativo á sentenza do Tribunal constitucional nº 161/2013 sobre publicidade das sesións da Xunta de Goberno cando actúa no exercicio de competencias delegadas polo Pleno.

O fallo fai referencia á constitucionalidade do artigo 70.1.2 da Lei 7/85 na redacción dada polo artigo 1 da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

126.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do convenio entre o concello e o IES Rosalía de Castro para o Bacharelato Internacional 2013 e de concesión directa da subvención correspondente.

A primeira promoción do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro comezou no curso escolar 1989-90 e actualmente son 25 as promocións que teñen saído nese centro. Apróbase a concesión da subvención por importe de 5.587,20 euros así como o texto do convenio entre o Concello de Santiago e o IES Rosalía de Castro para o financiamento desta modalidade de bacharelato.

127.- Aprobación do proxecto de modificación da ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar.

O Decreto 149/2013 de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia expón no seu artigo 1.2 que "A determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, cando estes sexan prestados pola Administración Xeral da CA de Galicia, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar ou ben, no caso do servizo de axuda no fogar de titularidade municipal, cando este sexa prestado pola Administración Local".

Dita norma fai necesaria a modificación da vixente Ordenanza en varios dos seus artigos. Nos artigos 4º-19º-20º-21º-22º-24º-25º-26º-27º-28º-29º-30º-31º, nas disposicións adicionais primeira,segunda, terceira e cuarta, na disposición transitoria primeira, na disposición derogatoria e na disposición derradeira.

128.- Aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscais reguladora da Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

O Decreto 149/2013 de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia reconfigura a atención ás persoas dependentes sobre a base da prestación dos servizos que requira a específica situación de dependencia e a capacidade económica das persoas usuarias, e da intensidade dos servizos recibidos. Polo tanto, o réxime de participación económica dos usuarios ven establecido pola normativa autonómica e así debe recollese na ordenanza fiscal municipal. Faise necesaria a modificación da vixente Ordenanza fiscal 3.30 nos seguintes artigos: 1º-2º-3º-4º e 5º.

129.- Proposta da concelleira delegada de Comercio relativa á aprobación do expediente denominado Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda, durante o Nadal 2013-2014 así como o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade.

Apróbase o expediente, o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación.

Dito procedemento será negociado sen publicidade, solicitándose como mínimo 3 ofertas a empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato. O canon mínimo a aboar ao Concello será de 1.000 euros. O contrato estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 2 de febreiro, período que poderá ser prorrogado ata o 16 de febreiro previa solicitude do adxudicatario.

130.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio co Club Triatlón Bricosa para o ano 2013.

Con motivo da súa participación co equipo Elite Absoluto na liga de clubs de Primeira División Nacional da Triatlón masculino, apróbase a concesión dunha subvención por medio de convenio por importe de 10.800 euros.

131.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio co Club Arteal Tenis de Mesa para o ano 2013.

Con motivo da súa participación na liga de clubs de Superdivisión Masculina de Tenis de mesa durante a anualidade 2013, apróbase a concesión dunha subvención por medio de convenio por importe de 12.600 euros.

132.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio coa SD Compostela para o ano 2013.

Con motivo da súa participación na Segunda División Nacional Femenina de fútbol durante a anualidade 2013, apróbase a concesión dunha subvención por medio de convenio por importe de 5.400 euros.

133.- Aboamento de gratificacións extraordinarias ao persoal de policía e de extinción de incendios por servizos realizados en Nadal de 2012 e Aninovo 2013.

O acordo regulador-convenio colectivo do Concello indica que o persoal que teña que traballar en xornada ordinaria as noites de Noiteboa ou Fin de ano percibirá unha gratificación extraordinaria única de 90 euros por cada noite. Polo tanto apróbase o pagamento desta cantidade a funcionarios do servizo municipal de extinción de incendios e da policía local polo traballo efectuado nas noites de noiteboa e fin de ano de 2012.

134.- Dar conta do auto de levantamento da paralización da adxudicación do contrato de xestión de multas.

O auto desestima e non accede á medida cautelar solicitada por "Servizos de Colaboración Integral, S.L." que consistía na suspensión da adxudicación do contrato administrativo de xestión de expedientes sancionadores por infraccións.

135.- Dar conta pola Alcaldía da sinatura do convenio de colaboración cultural entre o concello de Santiago e a Sala Capitol.

Dáse conta do Convenio de Colaboración asinado entre o Concello e a Sala Capitol. O obxecto do mesmo é regular a cooperación entre as dúas entidades para impulsar a realización de espectáculos musicais, dentro da programación anual que a Sala Capitol desenvolve. A aportación económica do Concello é de 10.000 euros.

136.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración educativa entre o concello de Santiago e a Universidade Pontificia de Salamanca.

O convenio foi asinado con data 5 de novembro de 2013 para a realización de prácticas da carreira universitaria de Psicoloxía de dita universidade nas dependencias municipais, co obxecto de completar a súa formación mediante o estudo e a análise das actividades que nos diferentes departamentos de Servizos Sociais se realizan.

137.- Dar conta da corrección de erros no anexo ao convenio entre o Concello e a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.

Detectado un erro na relación de actividades que figura no anexo I, apróbase a nova relación das mesmas.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á aprobación do incremento do desglose da aplicación orzamentaria de Benestar social-transferencias non nominativas.

- 2.- Resolución definitiva da convocatoria de concesión de bolsas de comedor escolar para o alumnado de centros docentes públicos e privados concertados de educación primaria do Concello para o curso 2013/2014.
- 3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á renuncia á celebración do contrato de explotación da cafetería sita no parque Eugenio Granell no Paxonal.
- 4.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade Cidadá relativa á aprobación do expediente de subministro de prendas de confección a medida para o persoal da policía local 2013, do gasto e a apertura do procedemento de adxudicación.
- 5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do expediente do servizo de confección dunha auditoría enerxética das edificacións ou instalacións municipais do concello, do gasto e a apertura do procedemento de adxudicación.
- 6.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á autorización ao adxudicatario do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar dos CEIPs dependentes do Concello, para cambiar o sistema de xestión de cobro aos usuarios do servizo de comedor.
- 7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adxudicación do contrato de execución das obras de reurbanización da rúa Raxoi (fase II).
- 8.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao recoñecemento ao persoal do dereito a percibir a parte proporcional da paga extra do período entre o 1 de xuño ao 14 de xullo de 2012.